

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CONSTITUTIVA DO PLENO DO CONCELLO DO BARCO DE VALDEORRAS DE 13 DE XUÑO DE 2015

No Salón de Plenos da Casa Consistorial do Concello do Barco de Valdeorras, sendo as 12:00 horas do 13 de xuño de 2015, concorren a totalidade dos que, segundo a acta de proclamación de electos remitida pola Xunta Electoral de Zona, as credenciais presentadas na Secretaría e a identificación persoal de cada Concelleiro, son concelleiros electos da Corporación municipal do Concello do Barco de Valdeorras xurdida das eleccións celebradas o día 24 de Maio de 2015 e que son:

D. Alfredo Laudelino García Rodríguez
Dna. Margarida Pizcueta Barreiro
D. Aurentino Alonso Araujo
Dna. María Irene Dacal Feijóo
D. Orlando Luis Arturo Saavedra Cantillana
Dna. Diana Urdangaray Díaz
D. Miguel Neira Ojea
Dna. Cristina Domínguez Rodríguez
D. Jesús Jares Almeida
Dna. Alicia Álvarez Fernández
D. Arsenio Moldes Gómez
D. Carlos Javier Crespo Díaz
Dna. Sabina Aguado García
Dna. Nieves Rodríguez Voces
D. Enrique Pérez Roca
D. Antonio Melo García
D. Félix García Yáñez

Intervén como secretario D. Jesús Tallón García e concorre o interventor D. José Manuel Muñoz Domínguez.

Primeiro: Constitución da mesa de idade. Comprobación pola Mesa de idade da acta de proclamación de electos, credenciais e identidade dos concelleiros electos.

Constitución da Corporación municipal 2015-2019 do Concello do Barco de Valdeorras e toma de xuramento ou promesa dos cargos de concelleiros.

Explicase pola Secretaría que se debe proceder á constitución da Mesa de Idade e que estará integrada polos concelleiros electos de maior e menor idade presentes no acto e será Secretario o da Corporación, segundo dispón o artigo 195.2 da Lei orgánica 5/1985, de 19 de xuño, quedando integrada por:

- D. Orlando Luis Arturo Saavedra Cantillana, concelleiro asistente de maior idade, exercendo de Presidente da Mesa.
- Dña. Diana Urdangaray Díaz, concelleira asistente de menor idade.
- D. Jesús Tallón García, como secretario.

Seguidamente o sr. Presidente declara constituída a Mesa de Idade, dá a benvida a todos os presentes e di que se procederá á comprobación dos documentos preceptivos para poder tomar posesión os concelleiros.

Pola Secretaría sinálase que todos os concelleiros electos presentaron as correspondentes credenciais, as preceptivas declaracións de intereses e os documentos identificativos de cada un deles, polo que poden tomar posesión dos cargos de concelleiros.

A Mesa de Idade dá por comprobadas as credenciais dos Concelleiros electos e o Presidente ordena que se proceda a chamar, un por un, a cada concelleiro co obxecto de que se dea cumprimento ao Real Decreto 707/1979, de 5 de abril, que estipula a necesidade de prestar xuramento ou promesa de cumprir fielmente as obrigas do cargo con lealdade ao Rei e de gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado con carácter previo ao acceso a calquera cargo público.

Procédese pola Secretaría a chamar en primeiro lugar aos concelleiros da candidatura que obtiveron maior representación, en primeiro lugar ao cabeza de lista da candidatura que obtivo máis votos populares, seguindo coa segunda candidatura en número de votos, pola mesma orde e por último ao concelleiro da terceira candidatura. Cada concelleiro electo di o seguinte:

D. Alfredo Laudelino García Rodríguez: “prometo pola miña conciencia e honra cumprir fielmente as obrigacións do cargo de Concelleiro do Barco de Valdeorras, con lealdade ó Rei, e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado.”

Dña. Margarida Pizcueta Barreiro: “prometo por imperativo legal e pola miña conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de

Concelleira do Barco de Valdeorras, con lealdade ó Rei, e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado.”

D. Aurentino Alonso Araujo: “prometo pola miña conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de Concelleiro do Barco de Valdeorras, con lealdade ó Rei, e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado.”

Dna. María Irene Dacal Feijóo: “prometo por mi conciencia y honor cumplir fielmente las obligaciones del cargo de Concejala de O Barco de Valdeorras, con lealtad al Rey, y guardar y hacer guardar la Constitución como norma fundamental del Estado”.

D. Orlando Luis Arturo Saavedra Cantillana: “prometo por mi conciencia y honor cumplir fielmente las obligaciones del cargo de Concejal de O Barco de Valdeorras, con lealtad al Rey, y guardar y hacer guardar la Constitución como norma fundamental del Estado”.

Dna. Diana Urdangaray Díaz: “prometo pola miña conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de Concelleira do Barco de Valdeorras, con lealdade ó Rei, e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado.”

D. Miguel Neira Ojea: “prometo pola miña conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de Concelleiro do Barco de Valdeorras, con lealdade ó Rei, e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado.”

D^a Cristina Domínguez Rodríguez: “prometo pola miña conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de Concelleira do Barco de Valdeorras, con lealdade ó Rei, e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado.”

D. Jesús Jares Almeida: “prometo pola miña conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de Concelleiro do Barco de Valdeorras, con lealdade ó Rei, e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado.”

D^a Alicia Álvarez Fernández: “prometo pola miña conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de Concelleira do Barco de Valdeorras, con lealdade ó Rei, e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado.”

D. Arsenio Moldes Gómez: “juro por mi conciencia y honor cumplir fielmente las obligaciones del cargo de Concejala de O Barco de Valdeorras, con lealtad al Rey, y guardar y hacer guardar la Constitución como norma fundamental del Estado”.

D. Carlos Javier Crespo Díaz: “xuro pola miña conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de Concelleiro do Barco de Valdeorras, con lealdade ó Rei, e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado.”

Dña. Sabina Aguado García: “prometo por mi conciencia y honor cumplir fielmente las obligaciones del cargo de Concejala de O Barco de Valdeorras, con lealtad al Rey, y guardar y hacer guardar la Constitución como norma fundamental del Estado”.

Dña. Nieves Rodríguez Voces: “xuro ou prometo pola miña conciencia e honor cumprir fielmente as obrigas do cargo de Concelleira do Barco de Valdeorras, con lealdade ó Rei, e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado.”

D. Enrique Pérez Roca: “prometo por mi conciencia y honor hacer cumplir fielmente las obligaciones del cargo de Concejala de O Barco de Valdeorras, con lealtad al Rey, y guardar y hacer guardar la Constitución como norma fundamental del Estado”.

D. Antonio Melo García: “juro por mi conciencia y honor cumplir fielmente las obligaciones del cargo de Concejala de O Barco de Valdeorras, con lealtad al Rey, y guardar y hacer guardar la Constitución como norma fundamental del Estado”.

D. Félix García Yáñez: “prometo por imperativo legal cumplir fielmente as obrigas do cargo de Concelleiro do Barco de Valdeorras, con lealdade ó Rei, e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado.”

De seguido, a Mesa de Idade declara constituída a Corporación Municipal.

Segundo: Presentación de candidaturas ao cargo de Alcalde do Concello do Barco de Valdeorras e elección do Alcalde-Presidente da Corporación.

Toma de xuramento ou promesa do cargo de Alcalde do Concello do

Barco de Valdeorras.

Pola Presidencia da Mesa pregúntase aos que encabezaron as correspondentes candidaturas se queren ser candidatos a Alcalde.

D. Alfredo Laudelino García Rodríguez é o único candidato que contesta afirmativamente, procedéndose á votación da elección de Alcalde a manalzada, co seguinte resultado:

Votos a favor da candidatura á Alcaldía de D. Alfredo Laudelino García Rodríguez: 10, dos concelleiros D. Alfredo Laudelino García Rodríguez, Dna. Margarida Pizcueta Barreiro, D. Aurentino Alonso Araujo, Dna. María Irene Dacal Feijóo, D. Orlando Luis Arturo Saavedra Cantillana, Dna. Diana Urdangaray Díaz, D. Miguel Neira Ojea, Dna. Cristina Domínguez Rodríguez, D. Jesús Jares Almeida e Dna. Alicia Álvarez Fernández.

Abstencións: 7, dos concelleiros D. Arsenio Moldes Gómez, D. Carlos Javier Crespo Díaz, Dna. Sabina Aguado García, Dna. Nieves Rodríguez Voces, D. Enrique Pérez Roca, D. Antonio Melo García e D. Félix García Yáñez.

Logo de ver o resultado da votación, a Presidencia proclama Alcalde electo a D. Alfredo Laudelino García Rodríguez.

Acéptase o cargo por D. ALFREDO LAUDELINO GARCÍA RODRÍGUEZ, que para tomar posesión da Alcaldía procede a prestar xuramento ou promesa do cargo dicindo: *“prometo pola miña conciencia e honra cumprir fielmente as obrigacións do cargo de Alcalde do Barco de Valdeorras, con lealdade ó Rei, e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado”*.

Fáiselle entrega ao Alcalde do bastón de mando e o Alcalde fai uso da palabra dando os bos días aos asistentes, de maneira especial aos seus netos presentes, e prosegue dicindo que aínda que lle deu moitas voltas ás palabras que ía dicir nesta toma de posesión ó final decidiu falar de política, sobre todo debido ao momento de desprestixio no que se atopa a política actualmente e, segundo o Alcalde, en moitos casos de forma merecida. Prosegue dicindo o Alcalde que na nova Corporación hai oito concelleiros novos, oito veciños que decidiron dar un paso adiante para dedicarse á política no momento no que mais desprestixio ten e que por iso quere darlles a benvida a esta nova etapa, etapa que vai consistir en traballar polos veciños do Barco e que para el ao longo da vida é imprescindible dedicarlle unha parte de cada un ao traballo polos demais. Afirmo o Alcalde que dende o primeiro momento da lexislatura o grupo de goberno e el mesmo terán as

mans abertas para traballar en equipo aceptando boa parte das suxestións que se fagan e acordando todos aqueles temas que sexan de importancia para os veciños, que esa foi unha máxima que viviu neste Concello durante tres lexislaturas e que a política faise na rúa, con propostas, traballando a prol dos veciños e que outro tipo de política non ten cabida e que iso faláron os veciños, alto e claro, o día 24 de maio. Di o Alcalde que dende a primeira comisión que se convoque espera atopar por parte de todos a vontade de colaborar, de aportar e de chegar a consensos o que significará que todos terán que ceder nas súas posicións xa que, di o Alcalde, ninguén posúe a verdade absoluta, e engade que se non se quere traballar nesa liña o grupo de goberno cumprirá coa obriga que lle encomendaron os veciños, que é gobernar o Concello do Barco de Valdeorras como se ten feito durante as últimas catro lexislaturas. Di o sr. Alcalde que no mitin de fin de campaña das anteriores eleccións municipais dixo que o seu neto, que era pequeno, quería que no Barco gobernara un alcalde socialista, e que agora dende aquí el quere dicir que é unha honra para el que os seus netos se sintan orgullosos de que o seu avó traballou polos veciños e intentou facer as cousas ben. Remata o Alcalde dando as grazas a todos e a benvinda a nova Corporación, agradecendo a todos os concelleiros de todos os Grupos Municipais que estiveron na pasada Corporación o traballo realizado aínda que non se coincidira nas súas formulacións en moitos casos.

Terceiro: Dación de conta do informe da Secretaría sobre o inventario municipal así como da acta de arqueo realizada.

Consta no expediente o informe da Secretaría de 10 de xuño de 2015 relativo ao estado do inventario municipal, do que se deixa constancia nesta acta:

“INFORME DA SECRETARÍA ÓS EFECTOS DE LEVANTAMENTO DE ACTA RESPONSABILIDADE DA XESTIÓN EN MATERIAL DE INVENTARIO MUNICIPAL, SE PROCEDE

Asunto: Informe sobre o estado do Inventario municipal

Xustificación: en cumprimento do artigo 36.2 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro (ROF en diante)

Normativa:

- Real Decreto 1372/1986, de 13 de junio, Reglamento de Bienes de las Entidades Locales (RBEL).

- Ley 33/2003, de 3 de noviembre, del Patrimonio de las Administraciones Públicas (LPAP)
- Real Decreto 1373/2009, de 28 de agosto, por el que se aprueba el Reglamento General de la Ley 33/2003, de 3 de noviembre, del Patrimonio de las Administraciones Públicas.
- Ley 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de las Bases del Régimen Local (LBRL)
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de noviembre, por el que se aprueba el Reglamento de Organización, funcionamiento y régimen jurídico de las Entidades Locales (ROF)
- Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, por el que se aprueba el Texto refundido de las disposiciones legales vigentes de materia de régimen local (TR)
- Ley 30/1992, de 26 de noviembre, de Régimen Jurídico de las Administraciones Públicas y del Procedimiento Administrativo Común (LRJAP)
- Ley 5/1997, de 22 de julio, de Administración Local de Galicia (LALGA).

Consideracións xurídicas

O artigo 36.2 do ROF establece que os secretarios e interventores tomaran as medidas precisas para que o día da constitución das novas Corporacións Locais se efectúe un arqueo e estean preparados e actualizados os xustificantes das existencias en metálico ou valores propios da Corporación, depositados na caixa municipal ou entidades bancarias, así como a documentación relativa ao inventario do patrimonio da Corporación e dos seus organismos autónomos. Por iso emítase o seguinte informe:

1ª O Concello do Barco de Valdeorras non conta con Organismos Autónomos dependentes nin Empresas de titularidade pública, polo que o presente informe refírese ao inventario de bens da Corporación.

2ª O inventario municipal: obriga de confección e contido

Un dos principios fundamentais que resultan de aplicación aos bens e dereitos pertencentes ao dominio público é o de identificación e control dos mesmos a través de inventarios ou rexistros axeitados (artigo 6 da LPAP) de aquí xurde a obriga das administracións públicas de inventariar todos os bens e dereitos que integran o seu patrimonio, facendo constar, co suficiente detalle, as mencións precisas para a súa identificación e as que resulten precisas para reflectir a súa situación xurídica e destino ao uso ao que están sendo utilizados, incluíndo, cando menos, os bens inmoables e dereitos reais sobre os mesmos (artigo 32 da LPAP) calquera que sexa a súa natureza e forma de adquisición, formando inventarios separados dos bens e dereitos pertencentes a entidades con personalidade propia e dependentes das Corporacións locais e os dos establecementos con personalidade propia e independente, se a lexítima representación correspondera ás Corporacións respectivas (artigo 17 do REBEL), valorando todos eses bens e dereitos (artigo 86 do TRRL).

Segundo o artigo 18 do RBEL o inventario establecerá por separado, segundo a súa natureza, agrupándoos nos seguintes epígrafes:

- 1.º Inmubles.
- 2.º Dereitos reais.
- 3.º Mobles de carácter histórico, artístico ou de considerable valor económico.
- 4.º Valores mobiliarios, créditos e dereitos, de carácter persoal da Corporación.
- 5.º Vehículos.
- 6.º Semovientes.
- 7.º Mobles non comprendidos nos anteriores enunciados.
- 8.º Bens e dereitos revertibles.

A recensión dos bens realizarase con numeración correlativa por cada un deles, dentro do respectivo epígrafe, deixando espazo en branco para as variacións ou cancelacións que se produciran no exercicio (artigo 19 RBEL).

O inventario dos bens inmoables expresará os datos seguintes: a) Nome con que fora coñecida o terreo, se tivera algún especial. b) Natureza do inmoable. c) Situación, con indicación concreta do lugar en que radica o terreo, vía pública á que dera fronte e números que nela lle correspondese, nas urbanas, e a paraxe, con expresión do polígono e parcela catastral, se fora posible, nas rústicas. d) Lindeiros. e) Superficie. f) Nos edificios, características, noticia sobre a súa construción e estado de conservación. g) Tratándose de vías públicas, no inventario deberán constar os datos necesarios para a súa individualización, con especial referencia aos seus límites, lonxitude e anchura. h) Clase de aproveitamento nos terreos rústicos. i) Natureza de dominio público ou patrimonial, con expresión de si se trata de bens de uso ou de servizo público, patrimoniais ou comunais. j) Título en virtude do cal se atribúe á Entidade. k) Sinatura de inscrición no Rexistro da Propiedade, en caso de que fora inscribible. l) Destino e acordo que o tivera disposto. m) Dereitos reais constituídos ao seu favor. n) Dereitos reais que gravaren o terreo. ñ) Dereitos persoais constituídos en relación con esta. o) Data de adquisición. p) Custo da adquisición, se tivera sido a título oneroso, e dos investimentos efectuados e melloras. q) Valor que correspondería en venda ao inmoable, e r) Froitos e rendas que producira. (artigo 20 do RBEL).

Respecto dos dereitos reais o inventario incluírá: a) Natureza. b) Inmoable sobre o que recaera. c) Contido do dereito. d) Título de adquisición. e) Sinatura da inscrición no Rexistro da Propiedade. f) Custo da adquisición, se tivera sido onerosa. g) Valor actual, e h) Froitos e rendas que producir. (artigo 21 do RBEL).

Respecto do inventario dos bens mobles de carácter histórico, artístico ou de considerable valor económico, expresará: a) Descrición en forma que facilite a súa identificación. b) Indicación da razón do seu valor artístico, histórico ou económico, e c) Lugar en que se encontrara situado e persoa baixo cuxa responsabilidade se custodia (artigo 22 do RBEL). Para os valores mobiliarios conterà as determinacións seguintes: a) Número dos títulos. b) Clase. c) Organismo ou Entidade emisora. d) Serie e numeración. e) Data de adquisición. f) Prezo da mesma. g) Capital nominal. h) Valor efectivo. i) Froitos e rendas que producira, e j) Lugar en que se encontraran depositados (artigo 23 do RBEL).

Ao inventariarse os créditos e dereitos persoais da Corporación se expresarán: a) Concepto. b) Nome do debedor. c) Valor. d) Título de adquisición, e e) Vencemento, no seu caso.

Respecto do inventario de vehículos se detallará a) Clase. b) Tracción mecánica, animal ou manual. c) Matrícula. d) Título de adquisición. e) Destino. f) Costo de adquisición, no seu caso, e g) Valor actual. (artigo 25 RBEL).

O inventario dos semoventes consignará: a) Especie. b) Número de cabezas. c) Marcas, e d) Persoa encargada da custodia (artigo 26).

O inventario dos mobles non especificados describirá sucintamente na medida precisa para individualizalos (artigo 27 do RBEL)

O artigo 28 do RBEL establece un epígrafe singular para os bens e dereitos revertibles.

3ª Forma dos inventarios

O artigo 29 do RBEL establece que sempre que sexa posible se levantarán planos de planta e alzado de edificios e parcelarios e sempre fotografías autenticadas dos bens mobles históricos, artísticos ou de considerable valor económico. Respecto do arquivo dos documentos que referenden os datos do inventario (en especial os títulos de dominio, actas de deslinde e valoración, planos e fotografías) se arquivarán con separación da demais documentación municipal, facendo constar como último dato o lugar de arquivo no que obre a documentación correspondente a cada ben inscrito no inventario (artigo 30 do RBEL). Dos inventarios quedará en todo caso unha copia da Entidade Local.

Sen embargo o requisito formal inescusable dos inventarios de bens das Entidades Locais é que teñen que ser autorizados polo Secretario da Corporación co visto e prace do Presidente (artigo 32 do RBEL)

4ª Rectificación e comprobación do inventario

A rectificación do inventario verificarase anualmente, e nela reflectiranse as vicisitudes de toda índole dos bens e dereitos durante esa etapa, unha copia deste e das súas rectificacións remitirase á Administración do Estado e da Comunidade Autónoma. En consecuencia, deberanse de reflectir as adquisicións, vendas, permutas, servidumes, alteracións de cualificación xurídica dos bens, e calquera outras con repercusión nos bens e dereitos obxecto do Inventario. Esta rectificación anual ou ordinaria en nada desdía das posibles rectificacións que poidan proceder en virtude dos procedementos de revisión que haxa de incoarse no seu caso. A rectificación anual debe recoller as variacións acontecidas durante o ano e os erros que non fosen detectados con anterioridade, pero iso sen prexuízo da revisión que poida proceder segundo os procedementos ordinarios, pois sería absurdo que unha omisión involuntaria non puidese salvarse ata o ano seguinte.

Cabe en todo momento incorporar ao Inventario novas propiedades mediante acordos puntuais sen esperar á rectificación anual obrigada en todo caso. Os sistemas informáticos e un axeitado programa permiten telo ao día e reflectir as altas e baixas ao momento de producirse.

A comprobación efectuarase sempre que se renove a Corporación e o resultado se consignase ao final do documento, sen prexuízo de levantar acta adicional co

obxecto de deslindar as responsabilidades que puidesen derivarse para os membros saíntes e, no seu día, para os entrantes (artigo 33 do RBEL e 86 do TRRL).

5ª Natureza xurídica do inventario de bens municipal e valor da inscrición dos bens no inventario

É clásica, entre os autores, a cita da STS do 9 de xuño de 1978, que di: "o inventario municipal é un mero rexistro administrativo que por si só nin proba, nin crea, nin constitúe dereito ningún a favor da Corporación, sendo máis ben un libro que serve, respecto dos seus bens, de recordatorio constante para que a Corporación exercite as facultades que lle corresponden,». Non obstante, se a inscrición no Inventario nin crea, nin modifica, nin constitúe dereitos, non pode afirmarse que non produza efecto ningún.

Os rexistros administrativo son distintos, na súa orixe e finalidade, dos rexistros xurídicos. Son meros instrumentos auxiliares. A súa finalidade é servir de constante recordatorio para que, no caso do Inventario de bens, a Corporación exercite as facultades que lle corresponden en relación con estes. O rexistro administrativo é un instrumento de información dos bens e dereitos de que a Corporación local é titular. Non engade nada ás potestades de defensa; pero, indubidablemente, ter certeza da titularidade dun dereito constitúe a garantía, soporte e presuposto para facilitar e garantir a súa conservación e defensa.

O Tribunal Supremo, Sala Terceira, do Contencioso-administrativo, Sección 5ª, Sentenza de 21 Maio 2008, rec. 28/2004 sentou a doutrina legal de que non pode entenderse que un vieiro, polo mero feito de non estar incluído no correspondente Inventario de Bens Municipais, non é de titularidade municipal. Ningún precepto permite concluír que o Inventario teña efectos constitutivos para o dominio público.

Sen embargo, o inventario pode e debe ser utilizado como medio de proba documental, dado o singular valor de proba dos documentos elaborados polos funcionarios (art.º 1216 CC). Tampouco debe esquecerse que a certificación do Secretario, con referencia ao Inventario de bens, serve para que os bens naquel inscrito accedan ao Rexistro, constituíndo un medio excepcional de inmatriculación. A inscrición no Inventario non produce efectos substantivos respecto dos bens a el incorporado, por iso é indiscutible a prevalencia do Rexistro da Propiedade sobre o Inventario.

Cómpre recordar que o artigo 2.j do RD 1174/1987, de 18 de setembro, del Régimen Jurídico de los Funcionarios de Administración Local con Habilitación de Carácter Nacional, asigna ao Secretario a responsabilidade de levar e custodiar o Inventario de Bens. Responsabilidade, evidentemente, de carácter formal e non material, pois as cuestións de orde material derivadas da situación do inventario son responsabilidade do xestor. Por iso o art.º 33 do Regulamento de Bens de entidades locais complementa a función de «Levar» afirmando que os Inventarios serán autorizados polo Secretario da Corporación co visto e prace do Presidente.

6ª O órgano competente para acordar a aprobación do inventario formado, a rectificación e comprobación do mesmo é o Pleno da Corporación (artigo 34 do

RBEL) unha veza probado e as rectificacións anuais remitiranse por copia á Administración do Estado e á da Comunidade Autónoma (artigo 32 do RBEL). Sobre a base do artigo 86 da Lei 30/92 considérase conveniente expoñer ao público o expediente de rectificación do inventario, co fin de que ter unha información dos bens que se relacionan e pódanse formular alegacións que axuden a depurar no seu caso os datos ou poñan de manifesto calquera omisión ou circunstancia que sexa oportuno ter en conta.

7ª Análise da situación do inventario de bens no Concello do Barco de Valdeorras.

Na Secretaría municipal atópase un documento que leva o título de “Inventario do patrimonio municipal Concello de O Barco de Valdeorras”. Está formado por cinco tomos numerados e un índice ou recensión. O documento atópase datado a 31 de decembro de 1992.

a) Índice

A recesión está numerada en 38 follas. A folla número 1 distingue oito epígrafes numerados correlativamente do 1 ao 8 como segue: bens inmobles, dereitos reais, bens mobles de carácter histórico, artístico ou económico, bens mobiliarios, vehículos, semovientes, mobles non acadados nos anteriores epígrafes e bens e dereitos revertibles, de maneira casi idéntica á esixencia do artigo 18 do RBEL (a excepción é no 4º epígrafe que se debería ter denominado: “Valores mobiliarios, créditos e dereitos, de carácter persoal da Corporación.”. O epígrafe 1 (bens inmobles) aparece subdividido en catro grupos numerados da letras a ata a d polo seguinte orde: fincas urbanas, fincas rústicas, vías públicas e infraestruturas. O epígrafe 4 (bens mobiliarios) aparece subdividido en dous grupos a e b denominados: valores mobiliarios e dereitos persoais da Corporación. Todos os epígrafes e grupos se atopan valorados de forma individualizada sendo a adición de todos a cantidade de 2.674.894.645 pesetas. Na follas 2 a 38 especificáanse cada un dos bens ou dereitos que integran cada epígrafe e grupo, sinalando para cada ben o Tomo, folla de inventario, código de plano, nome identificativo do ben, situación e valor do ben. O Código de plano atópase numerado correlativamente para cada ben/dereito dentro do correspondente epígrafe, tal e como sinala o artigo 19 do RBEL.

b) Tomos

O tomo 1 responde ao epígrafe bens inmobles grupo A (fincas urbanas) e de 108 follas ordenadas correlativamente. A primeira folla é de resumo xeral e as outras 107 recollen 107 bens. Ademais a cada folla numerada síguelles un ou varios planos do ben (con excepcións). Cada folla recolle para cada ben o número de orde de inventario o nome identificativo da finca, a natureza, a situación e lugar onde radica, vía pública á que dera fronte, lindeiros, número que lle corresponde, características construtivas dos edificios, estado de conservación, ano de construción, superficie, valoración e nalgúns casos engádesse outros datos como uso predominante, número de plantas, ano e tipo de reforma, ano de adquisición, vida remanente e custo de reposición así como os servizos urbanos de que dispón,

uso do ben e natureza xurídica. No reverso de cada folla consta unha fotografía de cada ben inmovible (na maioría dos casos).

O tomo 2 continúa co epígrafe 1 grupo A dende a folla 109 ata a folla 163 recollendo os bens inmoibles números 108 a 162. Este mesmo tomo recolle nas follas 164 e seguintes ata a 169 os bens inmoibles rústicos (epígrafe 1 Grupo B), de forma similar á descrita para o Grupo A desando a ausencia de planos e fotografías na maioría dos bens.

Recolle tamén o tomo 2 o grupo C do epígrafe 1(vías públicas) nas follas de inventario 170 a 303, precedidas por un plano en escala 1/15.000 “xeral de vías públicas”. A folla do inventario para cada inmoible deste grupo recolle datos para a súa identificación, nome identificativo da vía o valor, natureza ou tipo de vía, situación, comezo e remate, tipo de firme, estado de conservación, lonxitude e ancho medio, perfil tipo (dentro de 8 tipos que define cun debuxo)

O tomo 3 prosegue recollendo bens vías públicas nas follas 304 a 780 recollendo os bens números 303 a 779 co mesmo contido que os recollidos no tomo 2.

O tomo 4 recolle o grupo d (infraestruturas) e componse das follas 781 a 925, nas que se recollen os bens números 780 a 1215. As follas recollen os seguintes datos para cada inmovible: valor, sigla e nome da vía, lugar núcleo e parroquia, nº de orde de grupo e de inventario de cada infraestruturura e ano de establecemento da rede de auga, sumidoiros e alumeadado público, número de habitantes, existencia ou non de beirarrúas, enerxía eléctrica, teléfono público, tipo de entrada de acceso e existencia ou de transporte público interurbano.

O tomo 4 prosegue recollendo o epígrafe 3 (Mobles de carácter histórico, artístico ou de considerable valor económico) na folla 926 recollendo o ben 1215 e que é un cadro pintado por Torrado (1929). Describe en forma que facilite a súa identificación, indica o seu valor, a adquisición da propiedade, a situación do inmovible engadindo unha fotografía do cadro.

Recolle tamén o tomo 4 o epígrafe 5 (vehículos) nas follas 927 a 934 os bens 216 a 1223 detallando para cada vehículo o valor do ven, clase, marca, modelo, matrícula, número de bastidor, tracción, destino, data de adquisición e fotografía.

O tomo 4 dedica as follas 935 a 1078 ao epígrafe 7 (Mobles non comprendidos nos anteriores enunciados) incluíndo bens números 1224 a 1774 e remata con sete planos a escala 1/1000 das infraestruturas.

O tomo 5 recolle 31 planos de infraestruturas.

Deixan todas as follas espazo en branco para as variacións ou cancelacións que se produciran.

Como resumo cabe dicir o seguinte:

-Este documento non se atopa actualizado e rectificado. É un documento incompleto ao non incluír cando menos todas as variacións, incrementos de valor, melloras ou perdas e dende logo as novas propiedades e non foi obxecto de revisión anual, tal e como esixe o RBEL, polo que non reflexa a realidade patrimonial da Corporación.

-Non contempla a totalidade dos epígrafes aos que se refire o artigo 18 do RBEL nin a totalidade da información exixida polo RBEL.

-Pero a deficiencia fundamental é que o documento non leva ningunha dilixencia da Secretaría -que acredite que efectivamente foi o documento aprobado pola

Corporación, nin consta diligencia de aprobación sobre a aprobación do documento remítome a seguinte consideración- nin consta autorizado polo Presidente da Corporación incumprindo o requisito preceptuado polo artigo 32 do Regulamento de Bens. Polo tanto, sen perxuízo das consideracións do seu contido -que evidentemente se atopa desfasado ó non ser obxecto de rectificación e/ou actualización coas altas ou baixas que se tiveran producido dende a súa formación- non ofrece as garantías de autenticidade que aporta a fe pública da Secretaría.

8ª Sobre a aprobación do Inventario ao que se refire a anterior consideración dende a Secretaría examinouse os libros de actas do Pleno do Concello dende o ano 1992 ata a data deste informe co seguinte resultado:

1º En sesión plenaria de 24 de xuño de 1993 aprobouse inicialmente o documento Inventario municipal de bens, elaborado pola Empresa Catoure, S.C.L., sometendo o expediente a información pública por prazo de 15 días.

2º Non consta –ou cando menos non se atopou- nos libros de actas das sesións plenarias celebradas dende o 24 de xuño de 1993 un acordo de aprobación definitivo, sen que se determine no inicial que a ausencia de reclamacións determina a aprobación definitiva do documento.

3º Constan diversos acordos relativos ao inventario, en concreto adoptáronse acordos de rectificación anual do inventario de bens nas seguintes datas:

-27/4/1995: rectificación as altas e baixas sufridas dende a aprobación

-6/6/1996: aprobación da rectificación do inventario con efectos de 31 de decembro de 1995

-27/2/1997: aprobación da rectificación anual

-25/6/1998: rectificación anual con efectos de 31/12/1997

-19/05/1999: aprobación das altas e baixas con efectos de 31 de decembro de 1998

-27/4/2000: rectificación anual con efectos de 31 de decembro de 1999

-13/12/2001: aprobación da rectificación das altas e baixas sufridas no ano 2000

Pero dende o ano 2001 non se realizaron as preceptivas revisións anuais.

Ademais constan outros acordos de modificacións puntuais nas seguintes datas:

6/5/2004, 6/7/2006, 6/9/2007, 5/3/2009, 14/1/2010.

4º Consta un índice dos documentos que soportan ou poderán soportar as anotacións no inventario, traballo realizado polos servizos técnicos do Concello, que debe ser tido en conta.

9º Por último cómpre recordar que o Concello do Barco tampouco ten constituído o patrimonio municipal do solo tal e como esixe a lexislación básica do Estado e a lexislación urbanística galega (artigos 174 e seguintes da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia).

É todo o que teño que informar, no Barco o 10 de xuño de 2015.

O secretario

Jesús Tallón García”

Consta tamén a acta de arqueo de 1 de xaneiro de 2015 ata o 12 de xuño de 2015 asinada polo Alcalde saínte, a Intervención e a Tesourería.

E non habendo máis asuntos que tratar, polo sr. alcalde-presidente levántase a sesión sendo as 12:25 horas do día indicado no encabezamento, estendéndose a presente acta do que eu, como secretario, dou fe.

O secretario

O alcalde

Jesús Tallón García

Alfredo L. García Rodríguez